

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2016 pola que se convoca unha xornada sobre a Administración pública ante o reto do BIM-Building Information Modeling.*

Conforme os fins que lle encomenda a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, a EGAP, en colaboración coa Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., convoca unha xornada sobre a Administración pública ante o reto do BIM-Building Information Modeling, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Entre os obxectivos principais desta xornada podemos destacar os seguintes:

– Explicar a importancia da metodoloxía BIM nos proxectos de construción. Melloras e aforros.

– Presentar a Estratexia nacional BIM do Goberno.

– Coñecer as experiencias BIM na Administración pública.

– Debater sobre estratexias de implantación.

2. Contidos.

Trataranse, entre outros, os seguintes temas:

– Que é o BIM?

– Iniciativa EsBIM do Ministerio de Fomento.

– BIM na Administración pública.

– A xestión do proxecto na contorna BIM.



### 3. Destinatarios.

Esta xornada está principalmente dirixida, e terá preferencia no proceso selectivo, ao persoal de dirección e técnicos funcionarios ou contratados pola Xunta de Galicia co seguinte perfil:

- Directivos con responsabilidade na xestión de proxectos de construción.
- Arquitectos e arquitectos técnicos.
- Enxeñeiros e enxeñeiros técnicos.

Non obstante, estará aberta a inscrición a técnicos en xeral das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema universitario de Galicia, a persoal das entidades do sector público, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, salón de actos, rúa Madrid 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 6 de outubro de 2016.

Horario: mañá.

Duración: 4 horas lectivas.

### 5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

### 6. Inscrición.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ata as 23.00 horas do día 3 de outubro de 2016.

Poderá obterse calquera outra información desde as 8.30 ata as 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41-981 54 62 39.



## 7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

## 8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada expediráselles un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia for igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluirá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización da xornada, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

